PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 26 de setembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal"do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 26 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María Elena Espinosa Mangana
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
Carmela González Iglesias

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 4392 (12/PNC-000538)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que reorganice os protocolos sanitarios para que o persoal facultativo que solicita probas radiolóxicas desde a atención primaria dispoña delas xa informadas e non se sature o seu labor asistencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

Toma a palabra a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)** para expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- toma a palabra en primeiro lugar a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, que amosa o seu acordo con moitas das argumentacións expostas pola propoñente, polo que anuncia o voto favorable do grupo parlamentario que representa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** que destaca os coñecementos do persoal facultativo de atención primaria polo que entende que non procede esta iniciativa de impulso.

Na rolda de puntualizacións a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** non concorda coa intervención da voceira que a precedeu no uso da palabra e insiste na importancia da iniciativa.

1.2 5734 (12/PNC-000687)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse, dentro do seu ámbito competencial, as medidas precisas para afrontar a escaseza de profesionais médicos no sistema
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

A **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** expón os motivos nos que se basea a

PARLAMENTO DE GALICIA

proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouzo, declina intervir- a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, posiciona o seu grupo e solicita a votación separada, que consistiría en votar os puntos 3, 4, 6 e 7 por unha banda e os puntos 1, 2 e 5 por outra banda e argumenta a dita solicitude.

Deseguido intervén a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** quen, logo de amosarse crítica coas actuacións da Xunta de Galicia no tema obxecto da iniciativa, tamén entende acaída a votación por puntos.

Na rolda de puntualizacións a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** non concorda con algúns argumentos expostos polas anteriores voceiras.

1.3 6569 (12/PNC-000785)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que cumpra determinados criterios do cofinanciamento do sistema galego de dependencia
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (documento número 11929), da que se obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

A seguir concédelle a palabra á **señora Arias Rodríguez, Raquel (P),** que pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento

Na rolda de grupo parlamentario emendante fai uso da palabra a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)**, para a defensa da emenda de adición presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- a **señora Espinoa Mangana, María Elena (S),** para destacar o labor da Administración Central en materia de dependencia.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora**

PARLAMENTO DE GALICIA

Arias Rodríguez, Raquel (P), comenta as anteriores intervencións e insiste na importancia desta iniciativa de impulso.

1.4 9545 (12/PNC-000928)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de mellorar as condicións do servizo de transporte sanitario urxente en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A Presidencia informa que a esta iniciativa se presentou unha autoemenda de adición (núm. 11927). A seguir concédelle a palabra á **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Auséntase da sala a señora presidenta e pasa a ocupar o seu posto a señora vicepresidenta.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S**), que comenta o que se demanda na iniciativa, e o posicionamento do seu grupo a favor da mesma.

A señora presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** para dar conta dos motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** amosa diversas discrepancias coa argumentación da anterior voceira e agradece o apoio expresado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.5 10930 (12/PNC-001028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as medidas que debe pór en marcha o Goberno galego para afrontar as taxas de pobreza e de risco de pobreza en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024

A **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** argumentando a postura do seu grupo a prol da iniciativa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Arias Rodríguez (P),** quen, tras matizar moitas das argumentacións expostas pola propoñente, explica as diferentes actuacións do Goberno galego no tema obxecto da iniciativa para xustificar o voto en contra do grupo que representa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** insiste na necesidade de dotación de medidas para afrontar as taxas de pobreza e de risco de pobreza e Galicia e a importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 4292 (12/PNC-000538), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.2 5734 (12/PNC-000687), do G.P. Popular de Galicia. A señora presidenta informa do acordo acadado entre os voceiros dos grupos parlamentarios de votación separada co seguinte detalle:

Puntos 1 e 2: resultan **aprobados** por:

Votos a favor:..... 15 (G.P.P+BNG+M)
Votos en contra: ..... 2 (G.P.S)
Abstencións: 0

Punto 3: resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 12 (G.P.P+-S+M)
Votos en contra: ..... 5 (G.P.BNG)
Abstencións: 0

Punto 5: resulta **aprobado** por

Votos a favor:..... 10 (G.P.P+M)

PARLAMENTO DE GALICIA

Votos en contra: ..... 7 (G.P.BNG+S)
Abstencións: 0

Restantes puntos, que sons o 4, 6 e 7: resultan **aprobados pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia que se dirixa ao Goberno de España para:
1. Axilizar o proceso de homologación de títulos dos profesionais sanitarios.
2. Modificar o sistema de elección de prazas MIR para acadar máis formación nas especialidades de medicina de familia e evitar prazas vacantes.
3. Flexibilizar os criterios de acreditación de centros e unidades docentes para a formación de médicos residentes.
4. Axilizar a incorporación das novas prazas acreditadas á oferta formativa.
5. Modificar o Estatuto Marco para elevar ata os 72 anos a idade máxima para o exercicio da profesión médica.
6. Eliminar a taxa de reposición, cando menos nos casos das especialidades consideradas como deficitarias polos distintos informes do Ministerio de Sanidade.
7. Axilizar a aprobación do real decreto polo que se crea a especialidade de médico de urxencias.»

1.3 6569 (12/PNC-000785), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 15 (G.P.P+BNG+M)
Votos en contra: ..... 2 (G.P.S)
Abstencións: 0

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e reiterarlle as seguintes demandas:
1º. O cumprimento do cofinanciamento do 50 por cento da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006.
2º. Facer efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia logo do incumprimento durante todo estes anos do confinanciamento estatal da Lei de dependencia, achegando unha cantidade que ascende a máis de 2.500 millóns de euros.
3º. Que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social, sempre que non veñan acompañadas das transferencias de recursos económicos estatais

PARLAMENTO DE GALICIA

suficientes.»

1.4 9545 (12/PNC-000928), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da autoemenda (número 11927), que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

1.5 10930 (12/PNC-001028), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:10 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:08:38 +01'00'

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.02.03 13:36:03 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión